

Cambios nas aldeas e vilas de Galicia

Carlos Allones Pérez (GCEIS, USC)¹

Resumen

Queremos neste artigo explicar, coa maior brevidade e sinxeleza de que sexamos capaces, os cambios que experimentaron as aldeas e as vilas en Galicia nos últimos 50 anos. Deixamos de lado as cidades, e particularmente A Coruña e Vigo, porque xa desde o século XIX teñen unha evolución propia e diferente. Imos describir 4 tipos distintos de sociedades aldeás e vilegas, 4 sociedades galegas que os lectores da miña idade, de máis de 50 anos, recoñecerán facilmente, aínda cando non vivan ou non vivisen nunca en ningunha delas.

Non pretendemos (non poderíamos pretender) que a interpretación que ofrecemos aquí sexa a única posible; tan só queremos poñer enriba da mesa, por dicilo así, algunhas ideas sobre algunhas das nosas sociedades galaicas, do pasado e do presente, e algunhas previsións, talvez razoables, sobre o seu futuro.

Palabras clave: aldeas; vilas; O Barbanza; esclerose rural

Abstract

This article seeks to explain, briefly and concisely, the changes undergone by Galician villages and towns in the last 50 years. Large cities, in particular A Coruña and Vigo, will not be considered here, as they have had a considerably different evolution since the XIX century. I will focus on describing four types of village and town societies, which will be easily recognized by most readers over 50 years old, whether they have lived there or not. The interpretation offered in this article is not, of course, the only one possible. The purpose here is just to share analytical ideas about some past and present Galician societies, and some reflections about their possible future.

Key words: villages; towns; O Barbanza; rural sclerosis

¹ Iste artigo foi publicado por vez primeira o 15 de Mayo de 2011 no suplemento Nova+ do periódico *El Progreso* de Lugo. Apareceu máis tarde na revista *RIPS* de USC, no Vol. 11, do núm. 2. do ano 2012 (pp 183-189).

Grazas a Iván Reimondez Meilan polo seu excelente traballo de tradución ao galego.

Aldeas e vilas

A primeira desas sociedades que imos retratar -coma se quixésemos aquí pintar unha *acuarela sociolóxica*, con trazo rápido e sen posible corrección- é a aldea. A súa célula básica era a casa, a casa de labranza. Transmitida por herdanza de pai a fillo, xeralmente legando unha proporción de 2/3 ao fillo maior, buscando sempre garantir que fose viable, e sendo posible agrandada, na seguinte xeración. O fillo nomeado herdeiro, o morgado ou vinculeiro, incorporaba por matrimonio a unha moza, que exercería a maternidade para unha casa que non era, que nunca sería a súa, pero que chegaría a ser do seu fillo.

Desde a actual racionalidade económica moito se critica o minifundio, por incapaz de acumulación capitalista, e érao. Pero en cambio, desde unha racionalidade familiar, por entón dominante, o minifundio, a explotación de pequenos pastos, montes, hortas, gandos, leiras, viñas, augas, xeralmente distanciadas entre si por antergas disposicións de herdanzas, garantía a autosuficiencia da casa, que era por entón o ideal social indiscutido. Se se quere comprender unha sociedade, mala cousa é xulgala cos valores doutra.

Claro que con frecuencia os avatares da vida impedían a aplicación estrita do ideal social de reforzamento da casa pola súa transmisión de pai a primoxénito, ben por que non había tal home, ou morrera, ou era enfermo, e había entón que buscar para unha filla un marido que fose un 'xenro xeitoso' para a casa. E a falta de filla, podía acudirse a un sobriño. Por iso é frecuente nas aldeas que os moradores dunha casa leven apelidos distintos ao nome co que esta é coñecida. Pero é que un ideal convértese en colectivo non porque se realice en todos e cada un dos casos prácticos, particulares, que se presentan na vida social, senón porque orienta a acción das persoas que a protagonizan.

A gran administradora da sociedade aldeá entre nós os galegos era a Igrexa católica, ela autorizaba, sacralizándoos, os ritos de paso dos vivos, eses momentos de autenticidade que coñece en todo tempo e lugar a vida do ser humano: o nacemento, o matrimonio, a morte. Administraba os cultos e os símbolos cós que se interpretaba a vida social; e administraba sobre todo a vida dos mortos-recórdese "Romeiros do Alén" de Marcial Gondar (1989).

O campesiño galego, nesa organización social moi patriarcal, non se distingue basicamente de calquera outro campesiñado europeo occidental. Se cadra por unha máis perfeccionada culturización católica, pois Compostela sempre foi un centro estratéxico para a Igrexa Romana. Galicia ten ela soa case tantas parroquias como media España. Pero xa o xeógrafo francés Abel Bouhier, que escribiu 1500 páxinas sobre o noso “vello complexo agrario”, cando este conservaba aínda bastante da súa plenitude, alá polos anos 1960’, interesouse moitísimo pola singular dispersión da poboación por todo o territorio da Pequena Galia, e diferenciou nela distintos tipos de aldeas... A Pequena Galia dos mil ríos, dos mil portos, dos mil climas! Ese trazo específico e extremo da dispersión rural galega, séguese realizando hoxe en día, con novos bríos e novas tecnoloxías, polo que aparecerá de novo máis adiante na nosa argumentación.

Pero desde as entrañas mesmas das sociedades aldeás, e ao longo de séculos e séculos medievais, irá xermolando outro tipo distinto de sociedades, ou pequenas vilas, cada unha delas cabeceira da súa comarca, como Noia, Padrón, Cambados, Vilalba... A súa orixe está nos oficios campesiños máis especializados, como ferreiro, canteiro, carpinteiro, gaiteiro, pulpeiro, curtidor, etc. etc. De maneira que homes con estas habilidades circulaban buscando emprego polas encrucilladas dos camiños, ou asentándose nalgúñas desas feiras que gañasen o privilexio de celebrarse periodicamente, por algunha temperá concesión da Monarquía e da Igrexa. Aínda que en permanente contacto con todos os demais estamentos sociais (campesiños, fidalgos, nobres, clérigos), desde un principio mostraron trazos distintivos, por esa a súa condición de non vivir directamente da agricultura, senón dos seus oficios, que se agrupaban en gremios en rúas apertadas, que hoxe recoñecemos como cascós vellos. Intercambiaban os seus traballos cos campesiños da contorna, que a cambio lles pagaban cos seus mellores excedentes (de menor valor engadido). Unha mínima administración civil, de carácter local, resolvía os novos problemas sociais que protagonizaban: hixiene de abastos, aliñación de rúas, rede de sumidoiros, iluminación, policía nocturna, etc. etc.

Un novo impulso recibiron estas vilas no século XIX, coa reforma administrativa de Isabel II e a chegada do ferrocarril. A primeira implantou ou ampliou a administración do Estado nelas, aparecendo xulgados, oficinas de correos, garda civil, escola, médico do seguro, funcionarios de toda España establecéronse nelas, usando o idioma castelán nas súas relacións formais. O ferrocarril, pola súa parte, empezou a traer manufacturas fabricadas en Bilbao, Barcelona, Madrid, Vigo, e doutras orixes peninsulares, mesmo estranxeiras, obrigando a transformarse ás seculares artesanías locais, que se converteron en pequenas tendas ou comercios, que eran en realidade terminais de venda polo miúdo de tales centros industriais. Apareceron así pequenas ferraxarías,

tendas de confección, de las, mercerías, zapaterías, reloxarías, tabernas, ultramarinos ou coloniais, barbarías, autobuses de liña, un ou dous bancos, boticas, fondas, e máis adiante, xa na miña infancia, nos anos 1950-60', taxis, máis bancos, talleres de automóbiles, de maquinaria agrícola, tendas de electrodomésticos, bares, mesmo cafetarías, etc. etc.

Naturalmente, toda esta nova sociabilidade –unha sociabilidade “de tendeiros”, ao dicir do profesor Pintos- labrou os seus propios acenos de identidade, ao longo dos séculos, e en primeiro lugar, desde logo, e principalmente, casándose entre ela, excluindo os fillos dos labradores nos intercambios matrimoniais, para o que foi moi útil o recurso ao idioma da escola, o castelán, ao que bastantes familias vilegas converteron en idioma caseiro ou materno, co fin de perpetuar aquela exclusión. Por iso non era infrecuente que pais que falaban galego entre eles, falasen non obstante en castelán aos seus fillos, e particularmente ás súas fillas, pois estas eran as que, á hora do matrimonio (esa hora tan estratéxica para o status da familia), circulaban entre as casas, e sempre buscando facelo cara arriba. Pode verse unha descrición dun proceso en moito semellante a este, pero aplicado ao Béarn francés, no libro de Pierre Bourdieu, “El baile de los solteros” (2004).

Un comentario aparte, por moitos motivos, merecerían as vilas da costa, ou mariñeiras, Cangas, Bueu, Ribeira, Noia, Muros, e outras; pois o mar de seu sempre é máis proclive á comercialización dos seus produtos que o campo, e ademais, a partir de mediados do século XVIII, empezan a establecerse nas rías os chamados fomentadores cataláns (pronto emulados pola poboación local), que compran toda a sardiña que poidan pescar os homes, e ofrecen un salario tamén ás mulleres, que a limpan e salgan e entaboa na praia, xerando clases de mentalidade empresarial na poboación local, que romperán moi pronto, e bastante profundamente, as castes aparte e a mentalidade estamental, que sinalamos como constitutivas das vilas do interior. O que non deixará de ter importantes consecuencias no argumento que segue.

Vivir na aldea, traballar na industria

Pero entón, máis ou menos a partir de 1970, sucedeu algo que ninguén foi capaz de prever, nin sequera os máis atentos. Referímonos á xeneralización do traballo asalariado nalgunhas comarcas do antigo rural. Fose no Barbanza, ou no Morrazo, asociado á explotación da pesca de baixura, das conservas, conxelados, pre-cociñados; ou fose no Sar, en torno ao pemento de Herbón e á industria do aluminio; ou no Rosal, ou no Salnés, co albariño, as flores, a pesca, o porto comercial, o turismo vacacional; ou no Porriño, coas súas canteiras e industrias do granito e do mármore; ou no Barco,

coa lousa; ou en Burela e Celeiro, coa pesca de altura, a alúmina, o caolín; etc. etc. Sempre (ou case sempre) comprobamos o mesmo: na súa orixe está o recurso a unhas materias primas locais e tradicionais, que xeran unha transformación industrial e comercial, unha e outra vez reinvestida, que alcanza a vender con éxito crecente os seus produtos e servizos, nos mercados galegos, español, e internacional... No Sar só o aluminio e os seus derivados manteñen uns 1200 empregos industriais directos! E Cortizo exporta o 30% da súa produción a Europa!

E agora debemos preguntarnos: como é posible que en 40 anos as aldeas conseguiran o que nunca as vilas, as cabeceiras das súas comarcas, foron capaces de lograr en séculos? A resposta xa a deu Carlos Marx desde Londres en 1867, cando sinalou que o traballo asalariado, o traballo *alleo*, non é unha mercadoría como calquera outra, non é unha mercadoría como as demais, que se acaba á vez que se usa, senón que esta, a medida que se emprega e se consume, procrea novo valor, xera máis valor que o que representa o custe de contratala. E se nas aldeas de antes falabamos de *agri-culture*, agora podemos falar de *labour-culture*: o que agora se cultiva non é o campo, o que agora se cultiva é o traballo... dos demais.

Pero eses asalariados constitúen á súa vez un viveiro de novos empresarios, que van creando novas industrias e servizos de todo tipo, e entre eles moitos comercios, que aproveitan a tradición e a situación estratéxica das vilas, fagocitándoas con novos establecementos, que a diferenza das pequenas tendas de nosa infancia, son agora negocios que terán que recorrer tamén ao traballo asalariado, se queren sobrevivir, creando cadeas de supermercados, de lavandarías, de zapaterías, de perfumarías, de tendas de roupa, cadeas de ximnasios, de hoteis, de discotecas, bancos, cafetarías, etc. etc.

Á súa vez, as administracións de todo tipo aséntanse nesas vilas, multiplicando o número de institutos, ambulatorios, mesmo hospitais, xulgados, notarías, polideportivos, centros de terceira idade, gardarías, etc. etc.

Trátase case sempre de pequenas e medianas empresas familiares, PEMES cuxos creadores son os verdadeiros líderes recoñecidos (e envexados) da súa comunidade, pois eles son os que dan traballo, e solucionan vidas (as vidas dos mozos da súa localidade). Pero sempre que hai unha empresa familiar, hai unha familia empresarial, é dicir, unha familia cuxo destino queda indisolublemente unido ao éxito da empresa que ela mesma creou, de modo que a harmonía familiar pasa a depender en corpo e alma da expansión empresarial. O que se manifesta nesas impresionantes casas personalizadas, que por todas as partes se levantan no antigo rural galego, espalladas e pechadas

sobre si -como ao momento recoñecerían Abel Bouhier² y Lizancos Mora (2003)-, e onde as novas tecnoloxías se poñen ao servizo dunha recreación (culturalmente informada) da familia troncal: por iso a cociña, que segue sendo o centro da sociabilidade familiar, ten bilbaína, butano, vitro e microondas, e ata 4 xeracións coinciden nela!

Trátase dun modo de vida urbano? Trátase dun modo de vida rural? Ten trazos de ambos, pois separa traballo, consumo, e vivenda, como ocorre nas cidades (por iso é polo que a motorización destas comarcas sexa das máis altas de Europa); pero os veciños seguen sendo parentes, e os parentes seguen sendo veciños, e iso hai moito tempo que xa non sucede nas urbes... Quen sabe? talvez os galegos, unha vez máis, estean a facer as cousas ao seu xeito, e atopasen un modo propio e retranqueiro de entrar na modernidade, que un mecánico do Polígono do Tambre unha vez me expresou dicindo ‘Non hai como vivir na aldea, e traballar na industria!’... Talvez!...

E os mozos destas comarcas? Moitos deles (con gran desgusto dos seus pais) abandonan precipitadamente os seus estudos, tan grande é a súa impaciencia de explorar sen máis demora nin contemplacións a nova sociabilidade, cuxas solucións máis avanzadas e resoltas propaga unha e outra vez a TV, verdadeiro manual de instrucións, cando filma infatigablemente o modo de vida das clases medias norteamericanas. Se os seus pais constrúen casas personalizadas, ostentoso símbolo activo do seu éxito social, eles polo mesmo conducen coches “tuneados”, cos que van gañarse o soldo día tras día duramente nos negocios dos seus familiares e veciños, e cos que buscan diversión próxima ou afastada cos seus amigos, non menos duramente, as fins de semana.

Un último e debido apuntamento: estamos a dicir que a xeneralización do traballo asalariado e do consumismo no antigo rural, deixa unha e outra vez atrás, desborda unha e outra vez a vella sociabilidade estamental, que excluía antigamente aos aldeáns galego falantes de casar coas vilegas castelán falantes (e non ao revés). Precisamente por iso, e por ser capitalista, e non estamental, esa nova sociabilidade mantén unha actitude máis ben instrumental, pouco sacralizadora, con respecto aos idiomas que vai precisando na súa expansión: o galego, que é o idioma materno dos que a protagonizan; o castelán, que non queren que desapareza dos institutos; e o inglés, que os seus netos necesitarán dominar. A razón é obvia: todos eses idiomas son imprescindibles para a expansión das empresas que con tanto acerto e esforzo crearon, e ás que deben a súa máis entusiasmada identidade.

² Cfr. López Andión y Miralbés Bereda (1981)

2012

E que dicir finalmente do cuarto tipo de sociedade galega que aquí queremos comentar, os casos de vilas por exemplo Chantada, Negreira, Meira, Cuntis, Vilalba, e os seus *hinterlands* aldeáns? Comarcas que non desenvolveron ata agora traballo asalariado masivo, e que por iso mesmo quedaron ata o momento comparativamente máis descolgadas dos cambios sociais.

Aí as familias aldeás que permaneceron, uniron o seu destino a facer máis rendibles as súas explotacións agropecuarias, e fixeron e están a facer por certo un esforzo ben meritório nesa dirección, pero os seus produtos diríxense a mercados que están xa moi saturados. E en canto ás familias propietarias de tendas nas vilas, moitas delas esforzáronse tamén en actualizalas con éxito, pero sen poder competir coa serialización do comercio, moi avanzada xa como vimos en moitas vilas e cidades.

Os propietarios deses pequenos negocios familiares, xulgan agora os seus logros conforme á nova orientación que impón en cada momento o mercado, e este prestixia sempre aos sectores e as poboacións que crean emprego, que expanden a súa dominación sobre a man de obra, “coa súa misteriosa eficacia” (Marx). E eles son os que mellor saben que nada diso vai ocorrer a gran escala coa agricultura ou co pequeno comercio. De maneira que orientan os seus fillos cara a outros sectores profesionais, que consideran máis emerxentes e dotados de poder, porque en efecto o están. Derrúbase así colectivamente (e que sexa colectivamente é aquí o decisivo), e de un só golpe xeracional, a vella moral comunitaria, que ensinaba aos homes e ás mulleres (pero sobre todo ás mulleres) a sacrificar a propia vida ao servizo da continuidade dunha casa. E elas son, loxicamente, as primeiras que queren escapar a un modo de vida cuxos límites presentes (e futuros) coñecen ben, demasiado ben. E detrás das mozas marchan os mozos, e nas casas deixan de nacer nenos. E unha grande depresión moral, colectivamente sentida e admitida, inmoviliza a bastantes desas familias, masculinizadas e envellecidas, que continúan vivindo nesas poboacións aldeás e vilegas.

Pero en ningún sitio está escrito que ese teña que ser o destino fatal desas comarcas. Non pode descartarse, nin tampouco garantirse, que non vaia xurdir nun momento dado, nalgunhas delas, un grupo activo de empresarios, que en calquera sector ou sub-sector, non necesariamente novo, provoque unha compra masiva de traballo asalariado, e transforme con iso por completo a vida social (no sentido capitalista do termo), caendo entón máis ou menos no terceiro modelo que xusto antes comentabamos. Veriamos entón, nesas comarcas “afortunadas”, revertirse con forza a curva demográfica ata entón decadente, atraendo cara si cada vez máis poboación, e cada vez máis nova,

que faría crecer alí as súas recentemente creadas familias. Pero se ocorre isto, ocorrerá por forza a conta das comarcas veciñas, e non tan veciñas, que non experimentarán tan desexadísima expansión económica e demográfica. Porque esta dualidade entre zonas máis ben rurais e zonas máis ben urbanas, vímola (con todos os matices que cada cal guste sinalar) en todas as sociedades occidentais que coñecemos, precisamente porque son capitalistas.

Referencias bibliográficas:

Allones Pérez, Carlos (1999): *Familia y Capitalismo*. USC. Santiago

Bourdieu, Pierre (2004): *El baile de los solteros*. Anagrama. Barcelona

Gondar, Marcial (1989): *Romeiros do Alén*. Galaxia. Vigo

Lizancos Mora, Plácido (2003): *Migracións, sociedade e arquitectura. O caso galego*. Universidade da Coruña

López Andión, José Manuel y Miralbés Bereda, María Rosario (1981) : «Introducción y resumen de ‘La Galice. Essai géographique d’analyse et d’interprétation d’un vieux complexe agraire de M. Abel Bouhier’», en la *Revista Galega de Estudos Agrarios*, núm 5, pp. 193-245. USC

Marx, Karl (1975): *El Capital. Crítica de la Economía Política*. Siglo XXI. Madrid